

Expediente núm.: 1205/2024

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Subvencións Solicitadas a Outra Administración

Interesado: Deputación de Pontevedra

Data de iniciación: 07/08/2024

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: Aprobación das “BASES POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A SELECCIÓN QUE REXE O PROCEDIMENTO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL MEDIANTE UN CONTRATO FORMATIVO PARA ADQUIRIR PRÁCTICA PROFESIONAL DUN/HA TÉCNICO/A MEDIO DE XESTIÓN ADMINISTRATIVA AO ABEIRO DO PROXECTO “+EMPREGA NOS CONCELLOS” EN COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA e solicitude de OFERTA A PRESENTAR.

ANTECEDENTES

1. O día 06 de agosto de 2024 a Deputación de Pontevedra publica as bases reguladoras e a convocatoria; en réxime de concorrencia non competitiva, do proxecto “+EMPREGA NOS CONCELLOS para financiar contratos formativos (BOPPO núm. 152)
2. O día 03 de outubro de 2024, a Deputación de Pontevedra publica o outorgamento da condición de entidade colaboradora do Proxecto “+Emprega nos Concellos” para financiar contratos formativos , para a contratación de un/ha traballador/a con **Ciclo medio de formación profesional.** (BOPPO núm. 193)
3. O Concello opta por contratar mediante este contrato formativo por un período máximo de un ano a tempo completo:
 - Técnico/a Medio de Xestión administrativa.

Na selección da persoa beneficiaria do contrato formativo aplicaranse os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade así como os establecidos no Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado, de publicidade das convocatorias e das súas bases, de transparencia, imparcialidade e profesionalidade dos membros órganos da selección, da independencia e discrecionalidade técnica na actuación, da adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver, da



axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección e dos demais establecidos na normativa vixente de aplicación.

Así mesmo, para levar a cabo a selección o concello nomeará o tribunal cualificador, cuxa composición deberá adecuarse aos principios que regulan a constitución e funcionamento dos órganos de selección.

O concello, como entidade colaboradora, será a encargada de levar a cabo a selección; farao mediante a presentación da correspondente oferta na Oficina do Servizo Público de Emprego de referencia para o Concello, nos modelos normalizados para o efecto, quen remitirá relación de preseleccionados (un máximo de 15), recaendo a selección no tribunal cualificador nomeado ao efecto.

A praza ofertada terá as seguintes características:

Titulación	Técnico/a Medio Xestión Administrativa.
Tipo de contrato	Contrato formativo
Duración	Período máximo de un ano
Xornada	Completa
Retribucións Salariais brutas (segundo anexo II das Bases publicadas no BOPPO 152 do 06 de agosto de 2024 para grupo C2):	1.460,32 € (salario e prorrata das pagas extra)

A vista dos antecedentes e de conformidade co sinalado no artigo 21.1.g) da Lei 7/85, e vista a Fiscalización da Intervención, **RESOLVO:**

- 1.- Abocar as competencias outorgadas a Xunta de Goberno Local por resolución de alcaldía 2023-0412 de data 26/06/2023
- 2.- Aprobar as bases cos criterios e procedemento aos que se axustará a selección dos postos de traballo mencionados:

“BASE PRIMEIRA: REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES.

A selección efectuarase entre as persoas demandantes de emprego, desempregadas ou con mellora de emprego, inscritas no Servizo Público de Emprego e que cumpran os seguintes requisitos:



Requisitos xerais:

- Ser español/a ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado, ó que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

Tamén poderán participar calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, e cando así o prevexa o correspondente tratado, o dos nacionais algún estado ó que en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade que vivan ás súas expensas.

Tamén, quen non sendo español nin nacional dun estado membro da Unión Europea, se encontre en España en situación de legalidade, sendo titular dun documento que lle habilite para residir e poder acceder sen limitacións ó mercado laboral.

- Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.
- Posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das tarefas que se van realizar. Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións propias das prazas obxecto desta convocatoria.
- Non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.
- Non estar afectado/a por ningunha causa de incapacidade nin por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

Requisitos específicos:



a) Estar en posesión da seguinte titulación, de acordo coas leis reguladoras do sistema educativo vixente, que habiliten para o exercicio profesional:

- Técnico/a Medio de Xestión Administrativa.

b) Estar inscritos como demandantes de emprego ou en mellora de emprego no Servizo Público de Emprego. Este requisitos deberá cumprirse tanto no momento da selección coma no da formalización do contrato.

c) Estar empadroados nalgún dos concellos da provincia de Pontevedra con anterioridade á data de publicación da convocatoria do proxecto “+Emprega nos Concellos” no BOPPO.

d) Que no momento da contratación non transcorresen máis de tres anos, ou máis de cinco cando o contrato se realice cunha persoa con discapacidade, desde a terminación dos correspondentes estudos.

e) Que non tivesen experiencia profesional nin realizasen actividade formativa na mesma actividade dentro da entidade por un tempo superior a tres meses, sen que se computen, para estes efectos, os períodos de formación ou prácticas que formen parte do currículo esixido para a obtención da titulación que habilita esta contratación.

f) Que non estean contratadas/os en prácticas no momento da selección nalgún dos programas que contemplan contratos en prácticas ou formativos da Deputación de Pontevedra.

g) Non ter sido contratada/o na mesma ou distinta entidade en virtude da mesma titulación nin tampouco na mesma entidade para o mesmo ou distinto posto aínda que fose mediante unha titulación distinta.

h) Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública, nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

As persoas aspirantes deberán reunir os requisitos establecidos na presente base antes da finalización do prazo de presentación de solicitudes. Así mesmo, no momento de contestación á oferta de chamamento, as persoas aspirantes deberán dispoñer dos citados requisitos e acreditalos. O non



cumprimento será motivo de exclusión do/a aspirante.

BASE SEGUNDA: BAREMACIÓN DE MÉRITOS:

O proceso de selección consistirá na valoración dos méritos acreditados polas persoas preseleccionadas polo Servizo Público de Emprego, e levarase a cabo conforme aos seguintes criterios establecidos pola Deputación (Anexo III das Bases publicadas no BOPPO 152 do 06 de agosto de 2024) :

- a) Expediente académico: ata un máximo de 4,00 puntos, segundo a nota media calculada para as titulacións universitarias polo Real decreto 1125/2003, de 5 de setembro, e para os ciclos de formación profesional polo Real decreto 1147/2011, de 29 de xullo. No caso de que a media dalgunha das titulacións convocadas non fose calculada polas normas referidas ou esta non se especifique valorarase con 0,00 puntos.
- b) Por ter un doutoramento relacionado co contido do posto: 2,00 puntos.
- c) Por cada título oficial de máster universitario ou título propio da universidade de máster relacionado co contido do posto: 0,50 puntos cada un, ata un máximo de 1 punto.
- d) Por posuír unha titulación académica oficial distinta e relacionada co posto de traballo que se vai desempeñar, de nivel igual ou superior á esixida para a formalización do contrato formativo: 0,50 puntos por título, ata un máximo de 1 punto (neste apartado non se terán en conta as titulacións de nivel inferior que sexan necesarias para a obtención doutras de nivel superior nin as de máster ou doutoramento).
- e) Por asistir a cursos de especialización, formación e perfeccionamento organizados por centros oficiais dependentes da Administración do Estado, da comunidade autónoma ou da Administración local, universidades, colexios oficiais ou escolas da Administración pública directamente relacionados co posto que se vai desempeñar (incluídos os organizados por sindicatos no marco do Acordo nacional de formación continua): ata un máximo de 2 puntos, que se computarán do seguinte xeito:



- De máis de 150 horas duración: 0,30 puntos por curso
- De entre 100 e 150 horas de duración: 0,25 puntos por curso
- De entre 60 e 99 horas de duración: 0,20 puntos por curso
- De entre 30 e 59 horas de duración: 0,15 puntos por curso
- De entre 10 e 29 horas de duración: 0,10 puntos por curso
- Por acreditar o nivel de coñecemento da lingua galega co Celga 3 nos postos de ciclo superior ou medio ou 4 nos de licenciatura, grao ou diplomatura: 0,50 puntos

Non se terán en conta os certificados ou diplomas nos que non se especifique a duración do curso en número de horas ou créditos.

Tampouco se computarán as xornadas, congresos, seminarios ou cursos de duración inferior a dez horas.

O tribunal cualificador poderá requirirles ás persoas aspirantes que acrediten a verificación dos extremos recollidos na documentación presentada, ademais de cantas precisións estimen oportunas.

As persoas candidatas que accedan con titulacións de Licenciatura, Arquitectura ou Enxeñería (títulos pre-Boloña) que teñan un certificado da súa correspondencia co nivel 3 MECES (Marco español de cualificación para a educación superior) terán unha puntuación de 0,50 puntos, equivalente a un máster universitario.

O enlace á web do Ministerio onde se publica o catálogo de titulacións homologadas ao nivel de máster é o seguinte:

<http://www.culturaydeporte.gob.es/servicios-al-ciudadano-ecd/catalogo/educacion/gestion-titulos/estudios-universitarios/titulos-espanoles/202058.html>

Nesta fase só se terán en conta os méritos que se xustifiquen documentalmente no prazo establecido na base seguinte.

“BASE TERCEIRA: DOCUMENTACIÓN E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes formalizaranse nos modelos que se achegan a estas bases e deberán presentarse, ben na Sede Electrónica do concello, ben



presencialmente no Rexistro Xeral do Concello de Soutomaior, ou ben por calquera das formas legalmente establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de luns a venres: 09:00-14:00 h. O prazo de presentación rematará o **21 de outubro de 2023**

Documentación xeral a presentar:

- a) Instancia no modelo normalizado que figura como anexo I
- b) DNI ou documento que acredite a súa nacionalidade.
- c) Declaración xurada de cumprir os requisitos necesarios para contratar coa Administración Pública, así como de non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade ou incompatibilidade previstas na lexislación vixente.
- d) Documento acreditativo de inscrición como demandante de emprego emitido pola Oficina de Emprego.
- e) Titulación:
 - Técnico/a Medio de Xestión Administrativa.
- f) Informe de vida laboral actualizado
- g) Certificado empadramento nalgún Concello da provincia de Pontevedra con anterioridade á data de publicación da propia convocatoria no BOPPO.
- h) Acreditación documental xustificativa dos méritos alegados en orixinal (certificados de cursos, obradoiros de emprego, escola taller, etc.)

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en todos os seus extremos no momento de presentación da documentación.

Asemade, non se terán en conta aqueles méritos alegados e achegados con posterioridade ó remate do período de presentación de solicitudes.

As persoas aspirantes quedan vinculadas aos datos que fixeran constar no procedemento, se ben os erros aritméticos, materiais ou de feito que poidan advertirse poderán emendarse ou repararse no prazo outorgado ao efecto, ben de oficio, ben a instancia de parte.

BASE CUARTA: PROCEDIMIENTO

Os méritos apreciaranse polo Tribunal polos documentos que verifiquen os mesmos e sexan susceptibles de baremación.



Nesta fase só se terán en conta os méritos que se xustifiquen documentalmente ata día **21/10/2024** ás 14:00 h.

A forma de selección será o Concurso.

As persoas candidatas serán as remitidas pola Oficina de Emprego de referencia no resultado da oferta correspondente, e que cumpran os requisitos establecidos nas bases.

Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes e realizada a valoración dos méritos o Concello publicará na Sede electrónica ou na web do Concello a relación de candidaturas seleccionadas por orde decrecente para o posto de traballo ofertado e indicárase a persoa candidata seleccionada e os suplentes.

As persoas candidatas poderán formular ante o tribunal cualificador as alegacións que estimen oportunas no prazo de 2 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da súa publicación na sede electrónica ou na páxina web.

Unha vez resoltas, no seu caso, as alegacións presentadas ou transcorrido o citado prazo se non as houberse, o Concello publicará a listaxe definitiva coa proposta de contratación da persoa aspirante.

Aquel ou aquela que obteña a máxima puntuación, logo da valoración dos méritos será proposto/a para a praza.

No caso de empate entre as puntuacións das persoas aspirantes a orde de prelación determinarase dándolle preferencia á muller naqueles casos en que se produza unha infrarrepresentación do sexo feminino, nos termos establecidos no artigo 49 do Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade. No caso de que o citado precepto non resulte aplicable ou persista o empate tras a súa aplicación, resolverase o empate en función da nota media global do expediente académico e, de persistir este, pola puntuación acadada nos seguintes apartados.

O Sr. Alcalde procederá a efectuar o nomeamento asinándose co aspirante seleccionado o correspondente contrato laboral formativo.

BASE QUINTA: TRIBUNAL CUALIFICADOR



O Tribunal que xulgará os méritos alegados no concurso terá por obxecto garantir e supervisar o correcto desenvolvemento do proceso en tódalas súas fases. Estará composto por cinco membros, un/ha presidente/a, un/ha secretario/a, e tres vogais.

Os membros do Tribunal terán igual ou maior titulación cá esixida aos aspirantes a praza convocada.

O Tribunal poderá dispor a incorporación, aos seus traballos, de asesores especialistas, quen se limitarán o exercicio das súas especialidades técnicas, que serán a única base da súa colaboración co órgano de decisión e que actuarán por tanto con voz pero sen voto.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo ao/á Sr/a. Alcalde/sa, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 39/2015 de 1 de Outubro, de Réxime Xurídico do Sector público, ou se realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. O/A presidente/a do Tribunal poderá requirir ós membros do mesmo, declaración expresa de non atoparse incurso en causa de abstención nas circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do Sector Público. Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar ós membros do Tribunal cando concorran as circunstancias previstas no presente parágrafo.

O Tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza polo menos de tres dos seus membros con dereito a voto, sendo imprescindible en todo caso a asistencia do/a presidente/ e do/a secretario/a.

O Tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

A composición efectiva do Tribunal determinada polo Alcalde/sa, farase pública no taboleiro de anuncios da sede electrónica ou na páxina Web oficial do Concello de Soutomaior.

BASE SEXTA: PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

O aspirante proposto presentará no rexistro do Concello, no prazo de 2 días hábiles contados desde a publicación do resultado do proceso selectivo no taboleiro de anuncios do concello a seguinte documentación:



- Tarxeta de desemprego
- Tarxeta da Seguridade Social
- Certificado orixinal da titularidade de conta bancaria

BASE SÉTIMA: FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

Xustificada a documentación sinalada no punto anterior, o acordo definitivo de contratación que adopte o/a Alcalde/sa será publicado no taboleiro de anuncios da sede electrónica ou na web oficial do Concello, para coñecemento de todas as persoas aspirantes, que poderán interpoñer os recursos previstos na vixente lexislación.

O contrato será formalizado con data de inicio **15 de novembro de 2024** e de acordo coa normativa laboral de aplicación, tendo en conta as especificacións da normativa vixente.

BASE OITAVA: -INTERPRETACIÓN DAS BASES.

As presentes bases vinculan á Administración Local convocante, ao Tribunal Cualificador e ás persoas aspirantes que participen no proceso. O Tribunal Cualificador queda facultado durante o desenvolvemento do proceso de selección para resolver as dúbidas e incidencias que se expoñan na súa aplicación, podendo adoptar resolucións, criterios e medidas naqueles aspectos non regulados na presente convocatoria."

3.- Presentar a correspondente oferta de emprego de unha praza **Técnico/a Medio de Xestión Administrativa**, en interese do fomento da empregabilidade dos desempregados da Provincia de Pontevedra, e tendo en conta que só poderán optar a ela os candidatos que previamente remita ó Servizo Público de Emprego de Galicia.

O Alcalde

A Secretaria

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

